A Historia da Literatura Galega 03

Cantigas de amor e de escarnio e maldicir

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- **Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.**
- Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

Textos: Mª Luz Ínsua Ramil, Mª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
Mª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
Mª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez

Fotografía: Octo Gráfica

Biblia Moralizada de Nápoles, f.8v (Antiguo Testamento) © M. Moleiro Editor (páxina 7)

Detalles da Biblia de San Luis, vol II, f.216r. © M. Moleiro Editor (páxina 13, 14 e 17)

«La adoración del cordero», Beato de Santo Domingo de Silos, f. 86v. © M. Moleiro Editor (páxinas 15, 20 e 56)

Salterio triple glosado anglo-catalán f.2r. © M. Moleiro Editor (páxina 19)

«Séptima visión: la visión del anciano de muchos días y las bestias del mar», Beato de Girona, ff. 258v-259 © M. Moleiro Editor (páxinas 28, 35 e 43)

Detalles do Beato de Liébana, códice do mosteiro de San Andrés de Arroyo, f.70v. © M. Moleiro Editor (páxina 38 e 59)

Detalles do Beato de Liébana, códice de Girona, f.242r. © M. Moleiro Editor (páxinas 39, 55 e 60)

Miniatura do folio 295v do Códice do Escorial II ou Códice dos músicos © Patrimonio Nacional (páxina 8 e portada)

Colaboración gráfica especial:
M. Moleiro Editor

Agradecementos: Real Academia Galega e Real Biblioteca del Escorial.

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1548-2010
ISBN: 978-84-96561-27-4

A Historia da Literatura Galega 03

AS CANTIGAS DE AMOR E DE ESCARNIO E MALDICIR

La Voz de Galicia

Índice

7 1. AS CANTIGAS DE AMOR
10 1.1. Os temas das cantigas de amor
10 1.1.1. Cantigas de encomio a unha dama
11 1.1.2. Cantigas acerca da reserva da dama
11 1.1.3. A coita de amor
12 1.2. Forma da cantiga de amor
13 1.2.1. A cantiga de amor de mestría
14 1.2.2. A cantiga de amor de refrán
15 1.3. As estrofas nas cantigas de amor
16 1.3.1. Estrofas ou cobras unisonantes
17 1.3.2. Estrofas ou cobras singulares
22 1.3.3. Estrofas ou cobras dobras
23 1.4. Recursos estilísticos
23 1.4.1. O dobre
24 1.4.2. O mordobre
25 1.4.3. A atá-finda
28 1.4.4. A finda

30 1.5. Autores das cantigas de amor máis populares
30 1.5.1. Don Dinís
32 1.5.2. Bernal de Bonaval
33 1.5.3. Johán Raposo
38 1.5.4. Paio Gómez Chariño

43 2. CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR
46 2.1. O retrato social
47 2.1.1. A nivel histórico
47 2.1.2. A nivel sociolóxico
47 2.1.3. A nivel lingüístico
47 2.2. Os temas das cantigas de escarnio ou maldicir
48 2.2.1. A sátira persoal, social e de costumes
51 2.2.2. A sátira política
54 2.2.3. Sirventés ou sátira moral
56 2.3. Autores de cantigas de escarnio e maldicir
56 2.3.1. Airas Nunes
59 2.3.2. Martín Moxa

AS CANTIGAS DE AMOR 1

Coñécense como cantigas de amor aqueles poemas nos que un home expresa o amor que sente pola súa amada. Nelas o poeta, en primeira persoa, diríxese á súa dama ou reflexiona sobre o amor ou a amada.

A amada das cantigas galego-portuguesas é esquiva

Este xénero procede da tradición trobadoresca provenzal dos séculos XI ao XIII. Así, a cantiga de amor galego-portuguesa constitúe

O namorado preséntase nas cantigas de amor como un home atormentado polos seus sentimentos

unha imitación consciente da *cançó* provenzal pero sufriu importantes transformacións ata adaptarse ao noso gusto.

Desde o punto de vista estético, as cantigas de amor son máis sinxelas que as provenzais das que proceden; estas céntranse máis na tensión amorosa provocada pola muller

–que se mostra esquiva ante o seu namorado– e menos nos alardes técnicos, descritivos ou decorativos sobre a beleza feminina ou a natureza que os acolle. O namorado preséntase como un home triste e atormentado por non ser aceptado pola muller amada, ata o punto de que pode chegar a desvariar ou desexar a súa propia morte para librarse do sufrimento insoportable.

Mentres que nas cantigas de amor o sufrimento amoroso aparece como unha constante, na poesía provenzal predomina o sentimento de felicidade.

¡Ay eu que mal día nacín
con tanto mal quanto me vén,
querend'a doa gran ben
que me fez mal, deas que a vin,
e face, e non s'en quer quitar,
e ora fazme desejar
mia mort'e alongar de si!

PERO GARCÍA BURGALÉS

1.1. Os temas das cantigas de amor

En canto á súa temática estas cantigas pódense englobar en tres grandes temas:

1.1.1. Cantigas de encomio a unha dama

O trobador debía ser moi discreto e non revelar a identidade da muller dos seus pensamentos. Ademais, os eloxios que se dirixen á beleza física e espiritual da muller adoitan ser pouco individualizadores polo que revelan uns retratos pouco concretos. Esta discreción tiña por obxecto non producir o rexeitamento da muller cortexada.

Nalgunhas cantigas de amor a dama amosa a súa indiferenza cara ao poeta, polo que este perde ata as ganas de vivir

Mentres que na poesía galego-portuguesa este tipo de cantigas reflicten un amor puro, platónico, idealizado da dama, na Provenza móstrannos o xogo social de insinuar unha relación amorosa adúltera, polo que era necesaria moita discreción para evitar o escándalo.

1.1.2. CANTIGAS ACERCA DA RESERVA DA DAMA

A dama cortexada pode presentar diversas actitudes cara ao seu admirador: de total indiferenza, de hostilidade ou unha discreta aceptación.

1.1.3. A COITA DE AMOR

A actitude máis frecuente da dama é a de indiferenza cara ao poeta, polo que este cae nunha profunda melancolía que lle produce a perda do sono, do apetito, das ganas de vivir... ata desexar a propia morte para acabar co seu pesar.

A caracterización dos personaxes é a seguinte:

- **A "senhor"**

A pesar de que se nos informa de que a amada é boa, fermosa, amable, etc., con todo, a descrición que dela se fai é moi imprecisa, tanto desde o punto de vista do físico como da súa psicoloxía.

Miniatura do *Cancioneiro da Ajuda*, que se conserva na Biblioteca do Pazo Real da Ajuda en Lisboa

• **O namorado**

Encárnao o poeta ao falar en primeira persoa; é o "eu" lírico que se mostra como un home fiel e honesto.

• **Os competidores ou miscradores**

Constituídos por aqueles personaxes masculinos que procuran tamén o amor da dama; non dubidan en difamar ao adversario para rebaixalo aos ollos do obxecto do seu amor.

1.2. Forma da cantiga de amor

Da fusión da canción provenzal coa cantiga galego-portuguesa xurdiron dous estilos:

1.2.1. A CANTIGA DE AMOR DE MESTRÍA

É a máis parecida á cantiga provenzal; nela non aparecen as estruturas paralelísticas propias da cantiga de amigo. Este tipo de cantigas eran as máis apreciadas polos trobadores galego-portugueses, por presentar unhas formas máis elaboradas.

Que muito méu pago deste verâo
por lestes ramos e por estas flores,
e polas aves que cantan dámores,
por que ando i led´e cuidade;
e assí face tod´omen namorado:
sempre i anda led´ou e mui louçâo.

Cand´eu passo per alguas ribeiras,
xo boas árvores, per bôos prados,
cántanse I passaros namorados
loguéu com amores i vou cantando,
e logu´alí dámores vou trobando
e faço cantares em mil maneiras.
Ei eu gram viço e grand´alegría
quando mias aves cantam non estío.

AIRAS NUNES



A orixe da cantiga de amor é a cançó provenzal.

1.2.2. A CANTIGA DE AMOR DE REFRÁN

Este tipo de cantiga presenta a temática característica das cantigas de amor, pero a súa forma é a propia das de amigo: estrutura paralelística e uso do refrán.

A mià senhor, que eu por mal do
meu vin, e por mal daquestes olhos meus,
e por que muitas vezes maldezi
o meu e ou mund' e muitas vezes Deus,
deas que a nom vin, nom er vin pesar
dal, ca nunca me dal púdi nembrar

A que a miña face querer mal a miña
medês
e quantos amigos soía_haver,
e dede Deus, que o meu pês,
pero o meu tod' este mal face sofrer,
deas que a nom vin, nom er vin pesar
dal, ca nunca me dal púdi nembrar.

DON DINÍS

1.3. As estrofas nas cantigas de amor

As estrofas, tamén chamadas cobras, poden presentarse nas cantigas en tres formas distintas, segundo a súa rima. Deste xeito, aparecerán as estrofas ou cobras unisonantes, as singulares e as cobras dobras:

Os instrumentos musicais teñen unha importante presenza nos manuscritos medievais

1.3.1. Estrofas ou cobras unisonantes

Son as que presentan unha mesma combinación rítmica en todo o poema; están consideradas as máis perfectas.

Se eu podesse desamar
a quen me sempre desamou,
e podess' algun mal buscar
a quen o meu sempre mal buscou!
Assi me vingaria eu,
se eu podesse coita dar,
a quen o meu sempre coita deu.
Mais sol nom posso eu enganar
meu coraçom que m' enganou,
per quanto a miña face desejar
a quen me nunca desejou.
E per isto non dormio eu,
porque non poss' eu coita dar,
a quen o meu sempre coita deu.
[...]

Pero da Ponte

Bernal de Bonaval, don Dinís ou Paio Gómez Chariño son algúns dos autores dos que se conservan cantigas de amor

1.3.2. ESTROFAS OU COBRAS SINGULARES

Son as que presentan unha combinación distinta en cada estrofa; están consideradas como as máis simples.

Un tal home sei eu, ai ben tallada,
que por vós ten a sa morte chegada;
vede quen é, e seed'en nembrada:
eu, mia doa.

Un tal home sei eu que preto sente
de ssi morte chegada certamente;
vede quen é, e véñavos en mente:
eu, mia doa.

Un tal home sei eu; aquest'oide:
que por vós morr'e volo en partide,
vede quen é, e non xe vos obride:
eu, mia doa.

DON DINÍS

Mester de xograría e de clerecía

➜ O mester de xograría é unha escola poética castelá de tradición oral. Tivo o seu máximo esplendor nos séculos XII e XIII e no posterior aínda se poden localizar algunhas composicións. Os seus temas principais son feitos nacionais que os xograres convertían en mito. O conxunto desta poesía, épica ou lírica, de carácter popular, era difundida por estes xograres que a cantaban ou recitaban para o divertimento de nobres, reis e público en xeral. En castelán faise referencia por primeira vez á palabra *juglar* en 1116, época na que aparecen os xograres en León. Segundo Ramón Menéndez Pidal no seu estudo *Poesía juglaresca y orígenes de las literaturas románicas*, a palabra *xograr* vén do latín *jocularis, joculator*, que significa "bromista ou home de chanzas". Pola outra banda, a palabra *mester* procede do latín *ministerium*, que significa "oficio".

Había dous tipos de xograres: os épicos, que recitaban poesía narrativa, e os líricos, que se dedicaban a cultivar a poesía sentimental e a



Os libros miniados da época medieval conseguían transmitir a moral do momento a través das súas ilustracións

difundir composicións poéticas como *serranillas* ou coplas que narran o diálogo entre un cabaleiro e unha *serrana* ou pastora.

Estes poemas eran feitos polos trobadores, que creaban as composicións literarias e musicais en lingua romance, que despois os xograres difundían mediante o canto ou o acompañamento musical. Na primeira Idade Media (séculos X, XI, XII e XIII) eran máis numerosos os primeiros; a partir da primeira metade do século XIII e XIV predominan máis os líricos. Segundo Menéndez Pidal, existían distintas

especializacións no oficio, cada unha delas co seu nome: o remedador, que se dedicaba a imitar; o cazurro, que exercía as artes plebeas; o xograr de xesta, e o goliardo, mestura de estudante e vagabundo, coñecedor de instrumentos e compositor. A palabra inclúe tamén o concepto de músico e os seus tipos son moi diversos, desde o cantor de tabernas ou o que vestido con roupas custosas subía aos pazos e acompañaba aos nobres nas súas viaxes ata o que salmodiaba nas igrexas con todo tipo de instrumentos.

O repertorio dos xograres adoitaba estar formado por escenas de cantares de xesta que se representaban ante un público que, ao oílas cada vez que ían a praza, memorizábanas, e algunhas aínda perviven na tradición oral recordadas como romances e integradas no *Romancero viejo*. Estes cantares estaban protagonizados por heroes e cabaleiros que realizaban fazañas lendarias e personificaban os valores máis apreciados pola sociedade medieval, como o bo señor e

mellor vasalo o sentido da honra e a xustiza. Ás veces tamén se adaptaban ás particularidades de cada lugar, introducindo localismos e novas, longos cantos que ían cambiando a medida que se difundían. Un dos cantares de xesta máis famoso en España é o *Cantar de Mío Cid*.

A rima asonante destes poemas diferenciou o mester de xograría do chamado mester de clerecía. Como dicía o autor anónimo do *Libro de Alexandre*:

Mester traigo hermoso, non es de juglaría
mester es sin pecado, ca es de clerecía
fablar curso rimado por la cuadernavía
a sílabas contadas, ca es gran maestría.

Estes versos amosan claramente o desprezo dos homes cultos ou clérigos polo estilo desta literatura máis popular. O mester de clerecía foi unha escola poética castelá dos séculos XII a XIV, na que os representantes máis destacados foron Gonzalo de Berceo e López de Ayala. Destacan as obras *Libro de Apolonio* e *Libro de Buen Amor*. ✸

1.3.3. Estrofas ou cobras dobras

Cando cada dúas estrofas presentan unha combinación diferente.

Ora faz a min mia señor, a
como señor pode facer b
a básalo, que defender b
non se pode, non á u llír. c
e faz mi-a mercee viir c
d´amor, com´ome preso ven d
¡noso Señor mi-o sabe ben! d

Muit´en estar a gran pavor a
ei dereit´e en me temer b
d´amor, onde cuidá dicer b
mal, e onde quero partir, c
e averei coitá sentir; c
e non concerto nulla ren, d
ca eu mi-o mereci mui ben. d
[....]

Fernán Rodríguez de Calleiros

1.4. RECURSOS ESTILÍSTICOS

O recurso estilístico máis frecuente nas cantigas é o paralelismo. Aparece asociado ás cantigas de refrán. Pero tamén aparecen outros recursos como:

1.4.1. O DOBRE

Consiste en repetir unha palabra ou un grupo de palabras en lugares simétricos dentro dunha mesma estrofa.

Pero que eu mais long'estou
de mia señor e do seu ben
nunca me dea Deus ou seu ben
pero méu dela long'estou.

DON DINÍS

As cantigas estaban deseñadas para seren cantadas

A lírica de temática amorosa que xurdía en Francia foi o xermolo das cantigas de amor galego-portuguesas

1.4.2. O MORDOBRE

Consiste en repetir, nunha mesma estrofa, palabras que teñen o mesmo lexema.

Vedes, senhor, pero me mal, fazedes,

mentr´eu viver, ja vós sempre seredes,

senhor fremosa, da miña poderosa.
Pero me mal, fazedes cada día,
mentr´eu viver, seredes toda via,
senhor fremosa, miña poderosa
per como quer que vós do meu façades,
mentr´eu viver, vós quer´eu que sejades,
senhor fremosa, miña poderosa.

FERNÁN PÁEZ DE TALAMANCOS

1.4.3. A ATÁ-FINDA

Consiste en encabalgar estrofas de forma que o verso final dunha estrofa continúa no principio do primeiro verso da seguinte.

Quantos hoj´andan eno mar aquí
coidan que coita non mundo non ha
senon do mar, nen han outro mal ja;
mais d´outra guisa contece hoje á miña:
coita dámor me face escaecer
a mui fran coita do mar, e teer.

PAIO GOMÉZ CHARIÑO

A LITERATURA PROVENZAL MEDIEVAL

➜ A literatura en occitano ou provenzal naceu entre os séculos XI e XII. No sur de Francia, floreceu a *cançó* de amor, mentres que no norte tiveron máis éxito os cantares de xesta, de temática épica. No que se refire á *cançó* provenzal, orixe das cantigas de amor galego-portuguesas, o trobador diríxese á súa dama para amosarlle o seu entregado amor. Indigno de ser correspondido pola súa señora, expresa o seu servizo permanente á muller amada. A primeira parte das *cançós* era unha introdución dedicada á primavera, estación proclive ás coitas de amor, e a continuación o autor relataba os seus sentimentos e loaba á súa amada. O primeiro trobador en lingua provenzal do que se ten referencia é Guillerme de Poitiers ou Guillerme IX de Aquitania (1071-1126), do que se conservan once poemas. Por outra banda, o primeiro poema escrito en occitano do que se ten noticia é un fragmento do século XI de 275 versos de temática didáctica, que se cre foi composto por un escribán.

Os cantares de xesta narraban en centos de versos os detalles de batallas e combates

No tocante aos cantares de xesta, trataban sobre batallas e guerras, describindo as diferentes partes do combate ou da loita entre sarracenos e cristiáns. Estaban escritos en decasílabos ou alexandrinos asonantados, pensados para ser narrados oralmente. O máis coñecido e o *Cantar de Roldán* ou *Chanson de Roland*, que relata en varios centos de versos a batalla de Roncesvalles do ano 778 na que se enfrontaron as tropas cristiás de Carlomagno contra as árabes. Coidase que é o cantar de xesta máis antigo escrito en lingua romance de Europa. ✸

1.4.4. A FINDA

Consiste nunha conclusión na que se resume o tema principal nos dous ou tres versos finais.



Mui desaguisado tenho d´aver bem!
enquant´eu ja eno mundo viver,
ei tal coita qual sofro a sofrer.
Ca vos direi, amigos, que o meu-avem:
cada que cuid´estar de mia señor
bem, estou mal e, quando mal, peor.

E por aquesto, se Deus o meu pardom,
entendo ja que nunca perderei
a maior coita do mundo que ei,
e quero logo dizer porque nom:
cada que cuid´estar de mia señor
bem, estou mal e, quando mal, peor.

E por aquesto ja bem fiz estou
d´aver gram coita non mund´e nom ao,
e d´aver sempr´, em logar de bem, mal.
Ca vos direi como xi me guisou:



Músicos na fachada da igrexa de San Martiño de Noia

Cada que cuid'estar de mia señor
bem, estou mal e, quando mal, peor.

E por aquesto sofr'eu a maor
coita de quantas fez sofrer Amor.

JOAM BAVECA

En 1990 atopouse en Lisboa o *Pergameo Sharrer*, que contén as cantigas de don Dinís, o Rei Trobador

1.5. AUTORES DAS CANTIGAS DE AMOR MÁIS POPULARES

1.5.1. DON DINÍS

Este personaxe, pertencente á alta nobreza, foi neto (bastardo) de Afonso X, o Sabio. Reinou en Portugal a finais do século XIII (1279-1325). Foi un

home ilustrado e moi comprometido con labores culturais; durante o seu reinado ten lugar a fundación da Universidade en Portugal (en 1290). Procedente dunha familia na que o coñecemento da lírica era un signo de prestixio, estudou ben a poesía occitana e a peninsular. Ten un labor de creación lírica moi ampla en galego-portugués. De don Dinís consérvanse 137 poemas, entre cantigas de amor, de amigo, de escarnio e tres pastorelas. Foi un poeta ao xeito provenzal. Don Dinís tamén compoñía a música para acompañar á interpretación das súas composicións poéticas. De feito, a música orixinal de sete cantigas de amor de don Dinís consérvase no *Pergameo Sharrer*, atopado en 1990 en Lisboa, polo profesor Harvey L. Sharrer.

Dous dos seus fillos bastardos, Afonso Sánchez e Pedro de Portugal (este último, fillo bastardo do rei, coñecido tamén como o Conde de Barcelos), foron igualmente trobadores e mecenas.

Unha das composicións máis coñecidas do rei don Dinís de Portugal é a que segue:

Quer'eu en maneira de proençal
fazer agora un cantar d'amor,
e querrei muit'i loar mia senhor

a que prez nen fremosura non fal,
nen bondade; e máis vos direi én:
tanto a fez Deus comprida de ben
que máis que todas-as do mundo val.

1.5.2. Bernal de Bonaval

Sábese que foi un trobador galego que viviu na primeira metade do século XIII. Seguramente oriúndo de Santiago de Compostela, máis concretamente da aldea de Bonaval (que aparece con frecuencia mencionada nas súas composicións). Foi un dos primeiros en utilizar como lingua literaria o galego-portugués e, aínda que a súa extracción social e intelectual era propia dun segrel, foi considerado como un mestre e denominado trobador. Deste autor consérvanse 19 cantigas: once de amor e oito de amigo. Traballou como poeta de corte na dos reis casteláns Fernando III o Santo e Afonso X o Sabio.

A doa que eu am'e tenho por senhor
amostrade-o meu-a, Deus, se vos én prazer for,
senón dade-o meu a morte.
A que tenh'eu por lume destes olhos meus
e por que choran sempr', amostrade-o meu-
a, Deus, senón dade-o meu a morte.

Crese que Bernal de Bonaval naceu no século XIII na aldea de Bonaval, en Compostela

Essa que vós fezestes melhor parecer
de quantas sei, ai Deus!, fazede-o meu-a veer,
senón dade-o meu a morte.

Ai Deus!, que o meu a fezestes máis ca min amar,
mostrade-o meu-a ou possa con ela falar,
senón dade-o meu a morte

1.5.3. JOHÁN RAPOSO

Está documentado que Johán Raposo foi un xograr, probablemente de orixe portuguesa, que traballou na corte lusa a finais do século XIII e comezos do XIV. Conservamos 11 das súas cantigas,

A dama das cantigas de amor é nomeada como "senhor" polo seu amado

todas elas de refrán e con preferencia polo esquema paralelístico. A maioría destas cantigas son barcarolas –segundo Alvar– ou cantigas mariñeiras –segundo Asensio–, pois a constante referencia a motivos mariñeiros é precisamente unha das

características máis sobresaíntes deste autor. Os seus poemas achéganse máis á cantiga tradicional que ás propias do amor cortés.

A seguinte composición, que constitúe unha das cantigas máis coñecidas e musicadas, é da súa autoría:

En Lixboa, sobre o mar
barcas novas mandei lavrar,
ai mia senhor velida!

En Lixboa, sobre o ler,
barcas novas mandei fazer,
ai mia senhor velida!

Barcas novas mandei lavrar
e non mar as mandei deitar,
ai mia senhor velida!

Barcas novas mandei fazer
e non mar as mandei meter,
ai mia senhor velida!

Macías o Namorado

➜ Macías o Namorado era un trobador de Padrón, de nome real Matías Cascallas e Guisande. Pouco se sabe da súa vida, que se desenvolveu no século XIV, aínda que si do seu mal de amores: namorouse de Elvira, que servía ao seu señor, e levaban a súa relación en segredo. Unha das versións máis estendidas é que o mestre de Calatrava viuse obrigado a metelo en prisión pola denuncia do marido da dama. Tamén se di que foi don Enrique de Villena o que o envía a prisión por cortexar a unha dama do seu séquito, aínda que se sabe que posteriormente combateu xunto ao mesmo señor pero contra os árabes. Ao volver da guerra, a súa amada foi casada cun fidalgo de Porcuna, Xaén, pero o trobador séguelle a dedicar cancións amorosas. Elvira é encerrada nun mosteiro mentres el está preso na torre do castelo de Arjonilla, Baeza. A morte tráxica deste poeta non se pode saber de certo, aínda que a lenda conta que o señor de Porcuna marchou para Arjonilla, e ao comprobar como o namorado Macías entoaba versos de amor

desde as reixas, guindoulle unha lanza que lle atravesou o corazón. Está soterrado na igrexa de Santa Catalina, nese castelo, e na súa vila natural de Padrón hai dúas estatuas que o recordan. Esta historia tivo moita sona e varias das súas composicións, unha vintena, están recollidas no *Cancioneiro de Baena*. O Condestable don Pedro de Portugal dixo do poeta: "Natural foi de Galicia, grande e virtuoso mártir de Cupido", e moitos escritores e poetas contemporáneos seus, mesmo posteriores, xulgarano como arquetipo dos fieis, leais e máis coitados amadores.

Estatua de Macías o Namorado no xardín botánico de Padrón

Cativo! de mía tristura
ja todos prenden espanto
e preguntan que ventura
é que m´atormenta tanto.

Nas cantigas de amor, o namorado está encarnado polo poeta que fala en primeira persoa e amósase como un home fiel e honesto

1.5.4. Paio Gómez Chariño

Trobador galego que viviu a finais do século XIII. Foi alcanzando paulatinamente gran importancia social e literaria na corte castelá. Chegou a ostentar o cargo de Almirante do Mar na corte de Sancho IV véndose envolto nas conspiracións que tiveron lugar á morte do rei. Foi asasinado por causas políticas e o seu corpo permanece enterrado no convento franciscano de Pontevedra. Escribiu cantigas de amor, de amigo e de escarnio, das que se conservan un total de 28 composicións.

Quantos hoj'andam eno mar aqui
cuidam que coita non mundo nom ha
senom do mar, nem ham outro mal ja;
mais d'outra guisa contece hoje a min:

coita d'amor me face escaecer
a mui gram coita do mar, e teer
pola majar coita de quantas som
coita d'amor, a que'na Deus quer dar.
E é,gram coita de mort'a do mar,
mais nom é tal; e por esta razom
coita d'amor me face escaecer
a mui gram coita do mar, e teer
pola maior coita, per boa fe,
de quantas forom, nem som, nem serám.
E lestes outros que amor nom ham,
dizem que nom; mais eu direi qual é:
coita d'amor me face escaecer
a mui gram coita do mar, e teer
por maior coita a que face perder
coita do mar, que face muitos morrer!

Outros autores de cantigas de amor, cuxas composicións se conservan, son: Fernan Esquío, Joam Airas, Pero da Ponte, Airas Nunes, etcétera.

ETAPAS DAS RELACIÓNS AMOROSAS NA LÍRICA MEDIEVAL

Do mesmo xeito que a sociedade feudal estaba moi estratificada, tamén o estaban as relacións amorosas na sociedade provenzal. O trobador namorado debía superar unha serie de etapas para conseguir o amor da dama cortexada:

1ª etapa: a de suspirante

O trobador suspira por conseguir o amor da dama, pero sen dirixirse a ela.

2ª etapa: a de suplicante
O trobador pídelle á súa dama que o acepte e lle corresponda co seu amor.

3ª etapa: a de namorado
O trobador é aceptado pola dama e esta permítelle que a cortexe e expoña os seus sentimentos nos seus versos.

4ª etapa: a de amante
A dama acepta ao trobador e admíteo na súa intimidade.

No que se refire aos trobadores galego-portugueses, tamén requiren á súa dama, pero a relación con ela non pasa de ser a de suplicante na gran maioría dos casos. Nalgunhas cantigas o trobador aparece como namorado correspondido pola súa dama. Só nas cantigas de escarnio e maldicir preséntase o poeta como amante, pero nunca aparece esta etapa nas cantigas de amor. *



As ilustracións de temática relixiosa son comúns na literatura medieval



CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR 2

Este grupo de poemas están formados por aquelas cantigas nas que a sátira persoal está sempre presente. Constitúen unha referencia sociolóxica, histórica e lingüística de indubidable valor, que reflicte de forma realista a fala, personaxes e acontecementos da época medieval. Neste tipo de composicións o poeta satiriza a persoas ou costumes sociais da época.

Os recursos máis utilizados nelas son: a ironía, a ambigüidade, o dobre sentido de certas palabras e expresións e o estilo directo e popular. Con estas características as cantigas de escarnio e maldicir adquiren un ton mordaz e ferinte; ás veces cun matiz procaz.

A MULLER NO MEDIEVO

O Medievo fai evocar unha época escura na que a muller vive unha das peores situacións da historia; é un período no que se menciona o cinto de castidade, o dereito de pernada, a persecución das bruxas, no que se chega a discutir se a muller posúe ou non alma.

Na Alta Idade Media estaba permitido que o marido matase á súa muller se esta cometía adulterio

Unha situación así examinada non parece ser moi favorable á muller, aínda que as circunstancias que rodeaban á vida do ser humano na Idade Media estaban en xeral cheas de inseguridade por mor das guerras, as epidemias, as fames, o poder feudal, a tradición xurídica herdada dos romanos e do dereito xermánico, e finalmente, o poder ideolóxico da Igrexa. Na Alta Idade Media o marido podía matar á súa muller adúltera despois de perseguila a lategazos, espida a través do pobo. A multa ao



asasino dunha muller era a metade do prezo da morte dun rapaz ata os catorce anos (época da fertilidade feminina), superior ao do varón entre os 14 e 20 anos, e a partir dos 20 anos, seis veces inferior.

A muller serva ou escrava non podía casar fóra do dominio do seu señor, e se o facía, os seus fillos eran repartidos entre o seu amo e o marido; tampouco podía escoller ao seu home, senón que tiña que aceptar o que quixese o seu pai. Tamén corría o risco de ser violada por algún bandido ou señor inimigo, raptada, repudiada ou condenada a pasar o resto da súa vida nun convento. A muller pasaba do poder do pai ao do seu marido e non podía actuar sen o seu permiso. ❋

En canto á forma, o modelo que van seguir é o mesmo que o da cantiga de amor.

Este tipo de cantigas teñen influencias do sirventés provenzal. Pero se no sirventés facíase unha crítica de carácter xeral, nestas cantigas efectúase unha burla individual e concreta cara a unha persoa en canto aos seus vicios. É dicir, o sirventés escarnece o vicio, a mentira, a corrupción, etc.; a cantiga satírica galego-portuguesa fai escarnio do corrupto, do vicioso, do mentireiro.

2.1. O RETRATO SOCIAL

Ademais do valor literario das cantigas de escarnio e maldicir, estas representan unha gran fonte de información a distintos niveis:



As loitas entre cristiáns e árabes están presentes nas cantigas de escarnio. Miniatura do *Libro dos xogos*, de Afonso X o Sabio

2.1.1. A NIVEL HISTÓRICO

As cantigas proporciónannos datos sobre diferentes sucesos que eran silenciados polas crónicas ao consideralos indignos para a conciencia moral e política das clases dirixentes.

2.1.2. A NIVEL SOCIOLÓXICO

As cantigas de escarnio e maldicir retratan con crueza os estratos sociais máis humildes e anónimos daquel tempo.

2.1.3. A NIVEL LINGÜÍSTICO

A lingua destas cantigas permítenos unha aproximación á lingua falada polo pobo na Idade Media.

2.2. OS TEMAS DAS CANTIGAS DE ESCARNIO OU MALDICIR

A temática das cantigas satíricas conservadas nos cancioneiros galego-portugueses céntranse, basicamente, na burla persoal. Esta ridiculización circunscríbese a personaxes das distintas clases sociais da época, tanto anónimas como pertencentes a fortes xerarquías sociais, como a nobreza ou o clero.

Algunhas cantigas presentan un carácter moralizante, pero son as menos abundantes.

Pódense establecer tres grupos en canto aos temas tratados neste tipo de poemas:

2.2.1. A SÁTIRA PERSOAL, SOCIAL E DE COSTUMES

As cantigas con esta temática son as máis abundantes. A maioría das que se conservan falan de acontecementos ridículos, cómicos, costumes curiosos, vicios e defectos físicos insultos, parodias, etc. Van dirixidos a persoas concretas das que ata aparece o seu nome.

> Un gran número de cantigas fan burla de personaxes concretos, dos seus defectos, costumes, vicios.

Neste tipo de cantigas enfócanse as críticas cara á corrupción de certos personaxes, o autoritarismo dos poderosos, etc.

Outras composicións búrlanse dun grupo social moi concreto: o dos infanzóns. Estes personaxes intentaban manter o seu estatus económico, moi depauperado, permanecendo no nivel



social da nobreza que ocuparan; tal actitude era tratada con ironía e mordacidade polos poetas.

Ás veces as cantigas de escarnio ou maldicir fan burla dun personaxe concreto ou dun estrato social

Quen a sesta quiser durmir
consellalo ei a razón:
tanto que jante, pense d´ir
á cociña do infançón:
e tal cociña ll´achará,
que tan fría casa non á
na oste, de cantas i son.

Ainda vos én máis direi
eu, que un día i durmín:

tan boa sesta non levei,
deas aquel dí´an que nacín,
como durmir en tal logar,
ou nunca Desus quis mosca dar
ena máis fría ren que vin.
E vedes que ben se guisou
de fría cociña teer
ou infançón, ca non mandou
deas ogan´i fogo acender;
e, se viño gaar d´alguén,
alí llo arrefriasen ben,
se ou frío quiser bever.

PERO DA PONTE

Os músicos do Pórtico da Gloria portan un bo número de instrumentos musicais utilizados no Medievo

2.2.2. A SÁTIRA POLÍTICA

Este tipo de cantigas están centradas na crítica aos nobres portugueses covardes que traizoaron ao seu rei Sancho II (1233-1248) cando mantivo a guerra polo trono co seu irmán menor, Afonso.

As normas de cabalería teñen por principio fundamental a fidelidade ao rei.

Outro suceso histórico que se converteu en argumento de abundantes cantigas estivo constituído polas críticas que se vertían cara aos cabaleiros cristiáns que pelexaron na guerra de Granada (1261-1265) contra a cabalería árabe; ou o daqueles señores que cederon os seus castelos aos inimigos para non ter que enfrontarse a eles.

Ora face ost´ou señor de Navarra,
pois en Proenç est o-rei d´Aragón;
non lh´an medo de pico nen de marra
tarraçona, pero vizinhos son;
nen an medo de lhis poer baçón
e riirs´am muito Endurra e Darra;
mais, se Deus traj´ou señor de Monçón,
ben me cuid´eu que a cunca lhis varra.

JOÁN SOÁREZ DE PAVÍA

De fidalgos e infanzóns

➜ A nobreza considerada de baixa estofa, en concreto os infanzóns, eran obxecto das burlas dun bo número de cantigas de escarnio e maldicir. Os infanzóns proviñan de grandes liñaxes, pero non posuían bens de importancia e, como moito, acadaran certa riqueza participando en contendas militares. Os infanzóns e os fidalgos eran en orixe a mesma clase social, ata que co paso do tempo a primeira palabra quedou relegada a Aragón. Así, os fidalgos eran propietarios de terreos que por terlle prestado algún servizo á coroa, quedaban exentos

Lauda con escudo que se atopa na igrexa de Vilar de Donas (Palas de Rei)

de pagar tributos. Moitos fidalgos desempregaban oficios humildes e algúns deles vivían na pobreza. Eran considerados unha sorte de nobreza rural. Para chegar á fidalguía había dúas formas: conseguindo unha facenda ou logrando ter sete fillos varóns. Posto que non formaban parte da alta nobreza non eran ben considerados, como si o eran os nobres donos de incontables territorios, castelos e vasalos, cuxo poder era moi forte. Os cabaleiros tamén formaban parte da nobreza, xa que servían ao rei para a súa defensa. Grazas a esta necesidade, a coroa ofrecíalle certos privilexios. *



Os infanzóns e os fidalgos eran en orixe a mesma clase social

Nestas cantigas tamén falan das desgrazas producidas polas guerras

2.2.3. Sirventés ou sátira moral

Este tipo de composicións non son abundantes. Expresan reflexións morais de carácter xeral e expoñen críticas a aquelas condutas menos éticas da sociedade. Destacan as coñecidas *A procura da verdade*, de Airas Nunes e outra de Martín Moxa na que o autor reflexiona sobre as desgrazas producidas polas guerras, as inxustizas e as desordes da época e deduce que son debidos á próxima chegada do Anticristo.

Por que non mundo menguou a verdade,
puñei un día de ir buscar;
e ou por ela fun preguntar
disseron todos. ´Allur a buscade,
ca de tal guisa se foi a perder
que non podemus én novas aver,
nen ja non anda irmandade´.

Nos moesteiros dous frades regrados
a demandei, e disséronm´assí:
´non busquedes vós a verdade´aquí,
ca muitos anos avemos passados
que non morou nosco, per boa fe,
nen sabemos ou ela agora x´e
e dál avemos maiores coidados´.

E en cistel, ou verdade soía
sempre morar, disséronme que non
morava i avía gran sazón,
nen frade d´i ja a non coñecía;
non ou abade´outosí non estar
sol non quería que foss´i pousar
e anda ja forra dá badía.



En Santiago, seendálbergado
en miña pousada, cegaron romeus;
pregunteios e disseron 'Par Deus
muito leváde-o camiñ errado,
ca se verdade quiserdes achar
outro camiño convén a buscar,
ca non saben aquí dela mandado'.

AIRAS NUNES

2.3. AUTORES DE CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR

Entre os autores de cantigas de escarnio e maldicir máis citados atopámonos cos seguintes:

2.3.1. AIRAS NUNES

A vida e obra deste autor está pouco clara ao ter un nome moi común no momento histórico que lle tocou vivir, polo que se fai difícil asegurar detalles que poidan pertencer a outras persoas. Parece ser que se trataba dun clérigo que foi tamén trobador galego-portugués. Viviu a finais do século XIII. Escribiu, ademais de cantigas de escarnio, outras de amor e de amigo. Nas de

As disputas por un trono eran outros dos temas das cantigas de escarnio

escarnio é patente o seu labor de trobador de corte; de propagandista da figura real pola exaltación que fai do rei Sancho IV, e a ridiculización dos seus adversarios políticos.

Foi un gran coñecedor da poesía occitana e tradicional peninsular, xa que escribiu algúns poemas en lingua d´oc e realizou reelaboracións de versos doutros autores, por exemplo, don Dinís.

A cantiga de escarnio que transcribimos trátase dunha burla cara aos intereses sucesorios dos Infantes de Lacerda, fillos de Afonso X o Sabio, que reclaman os seus dereitos ao trono de Castela e León. O seu tío Sancho IV ofrécelles con ironía terras que non son da súa propiedade.

Desfiar enviarom ora de Tudela,
filhos de Dom Fernando, o-rei de Castela.
E disse o-rei logo: -Ide alá, Dom Vea;
desfiade e mostrade por mim esta razom:
se quiserem por cambio do reino de Leom
filhem por ém Navarra ou ou reino
d'Arangom.

As cantigas de escarnio e maldicir reflicten as características da sociedade da época

Ainda lhes fazede outra preitessia:
dar-lhes-ei por cambio quanto ei em Lombardia
e aquesto lhes faço por partir perfia,
e faço gram direito, ca meus sobrinhos som:
se quiserem por cambio do reino de Leom
filhem por ém Navarra ou ou reino
d'Arangom.

E veed'ora, amigos, se prend'eu engano!
e fazede de guisa que seja sem meu dano;
se quiserem trégoa, dade-lha por um ano:
outorgo-a por mim e por eles Dom Gastom:
se quiserem por cambio do reino de Leom
filhem por ém Navarra ou ou reino
d'Arangom.



2.3.2. MARTÍN MOXA

Aínda que non se teñen moitos datos biográficos deste autor, polos poucos atopados deducimos que pode tratarse dun trobador de orixe aragonesa, catalán ou ata galego, que viviu gran parte do século XIII. É moi probable que se trate dun clérigo, xa que gran parte da súa produción poética é de carácter moral, repleta de citas bíblicas que demostran gran cultura de orixe clerical. Consérvanse vinte cantigas da súa autoría. Entre elas destacamos as de carácter burlesco que presentan un ton máis suave que as doutros poetas da mesma época. Moxa non ataca a personaxes concretos senón que prefire dirixir as súas críticas cara a certos costumes da época, como a adulación, a ignorancia, etc.

Nesta composición vemos como na corte castelá o predominio do xénero satírico e o decaemento amoroso están expresados nunha cantiga moral deste autor:

Louvamyares
e prazenteares
am prez e poder;
e nus logares
hu nobres falares
soyan dizer
vej' alongadus,
deytadus
do mundo, eixerdadus,
e van-sse perder;
vej' achegadus,
loadus,
de muytur amadus
vos de mal-dizer.

Outros compositores de cantigas de escarnio e maldicir son: Afonso X o Sabio, Martín Ousares, Afonso Eanes, etc.

DIFERENCIACIÓN ENTRE AS CANTIGAS DE ESCARNIO E AS DE MALDICIR

Os trazos que diferencian a un tipo de cantiga do outro están descritos no *Cancioneiro de Colocci-Brancuti*, que se atopa na Biblioteca Nacional de Lisboa. Nel aparece unha preceptiva que se coñece como *Arte de trovar*, na que se marcan as diferenzas entre as cantigas de escarnio e as de maldicir:

Cantigas d´escarneo som aquelas que vos trobadores fazem querendo dizer mal d´algueem elas, e dizem-lho per palabras cubertas que ajam dous entendimentos para lhe-o nom entenderem ...parCantigas de mal dizer som aquelaque fazem vos trobadores ...descubertemente. Eelas entram palavras que querem dizer mal e nom aver outro entendimento senom aquel que querem dizer châamente.

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura